



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

www.boqueixon.gal

As actividades de exterior estarán suxeitas á posibles modificacións por mor das condicións meteorolóxicas.

P un mes e Pico

CICLO "UN MES E PICO"
ARQUEOLOXÍA DO PICO SACRO
E A CULTURA XACOBEA

do 6 de agosto ó 26 de setembro de 2021

PRAZAS LIMITADAS. IMPRESCINDIBLE INSCRICIÓN.

Máis información e reservas: boqueixonturismo@gmail.com ou
981 513 061



 Xacobeo 21-22

 XUNTA
DE GALICIA



AFORO
LIMITADO

06/08/21 11:30h. No Pico Sacro.

**APERTURA DO CICLO E PRESENTACIÓN CON CECILIA PEREIRA
Comisaria do Xacobeo 2021-22.**

Asistentes:

Cecilia Pereira. Comisaria do Xacobeo 2021.

Manuel Fernández Munín. Alcalde do Concello de Boqueixón.

14/08/21 19:00h. Na capela de San Sebastián no Pico Sacro.

CONFERENCIA A CARGO DE FELIPE CRIADO BOADO

"As montañas e as cousas. Xenealoxía dunha paisaxe sacra".

Especialista en Arqueoloxía da Paisaxe. Profesor de investigación do CSIC desde 2001, Director do Incipit desde 2010. Presidente da European Association of Archaeologists-EAA desde 2015. Coordinador da área de Humanidades e Ciencias Sociais- CSIC (2004-08), coord. da área de Ciencia e Sociedade do Prog. Iberoamericano de Ciencia e Tecnoloxía para o Desenvolvemento (2009-13). Profesor Titular de Prehistoria da USC (1991- 2000).

21/08/21. 20:00h. Na capela de San Sebastián no Pico Sacro.

CONFERENCIA A CARGO DE ANTÓN BOUZAS SIERRA.

Xeoastronomía da antiga Gallaecia (medicións, datos e interpretacións): Santiago e o Pico Sagro no "tempo dos mouros".

Licenciado en Bioloxía e Máster na Arquitectura da Paisaxe. Investigador independente con publicacións sobre xeoastronomía e astronomía cultural. Docente de Xestión Forestal e Medio Natural no Ensino Modular de Formación Ocupacional. Traballador autónomo na consultoría ambiental, restauración ecolóxica, ordenación territorial, interpretación do patrimonio, educación ambiental e sistemas de información xeográfica.

22/08/21 11:00h. Pico Sacro e contorna.

ROTEIRO ARQUEOLÓXICO POLO PICO SACRO E CONTORNA.

Ana Isabel Filgueiras Rei.

Punto de encontro: Igrexa de San Lourenzo de A Granxa. O roteiro percorrerá os seguintes recursos arqueolóxicos e sagrados: San Sebastián do Pico Sacro, San Lourenzo da Granxa, fortaleza, mámoas na contorna do Pico, mosteiro medieval,... lugares do cristianismo primitivo.

04/09/21, 11/09/21, 18/09/21, 19/09/21 e o 26/09/21 ás 17:30h. No Pico Sacro.

VISITA TEATRAL: "A RAÍÑA LUPA E O ENCANTO DO PICO SACRO". Os Quinquilláns.

Punto de encontro: cumio do Pico Sacro.

Seixo é un mouro, que ten como misión recibir ós peregrinos e á xente que pasa a carón do Pico Sacro. Da man deste encanto coñeceremos á dona de toda a contorna, á poderosa, soberana e intelixente Raíña Lupa. É ela quen nos conta como foi en verdade a lenda do Pico Sacro e as probas que os discípulos de Santiago tiveron que pasar para converter Compostela nunha cidade e o Pico Sacro nun lugar lendario.

12/09/21 11:00h. Pico Sacro e contorna.

ROTEIRO LITERARIO CARA O PICO SACRO. Compos Tours.

Punto de encontro: Centro de Interpretación do Pico Sacro.

Andaina teatralizada dende o pé do Pico Sacro ata o cumio, que nos permite de xeito lúdico achegarnos ó patrimonio literario vinculado con este monte sagrado. Castelao, Xosé Neira Vilas, Avelina Valladares entre outros, recitarán fragmentos das súas obras nas que fan referencia ó Pico Sacro.

13/09/21 ata 19/09/21 no Centro de Interpretación do Río Ulla (Touro)
20/09/21 ata 26/09/21 na Casa das Artes (Vedra)

EXPOSICIÓN ITINERANTE "O PICO SACRO NO CÓDICE CALIXTINO"

Exposición que pon en valor e dá a coñecer a parte máis lendaria Pico Sacro, nela recóllese os escaneos do Códice Calixtino onde se narra a lenda da Raíña Lupa que explica á súa vez a traslación do Corpo do Apóstolo Santiago e os máxicos feitos acontecidos no Pico Sacro.

25/09/21 20:00h. Na Capela de San Sebastián no Pico Sacro

PECHE DO CICLO E CONFERENCIA A CARGO DE MARTÍN ALMAGRO-GORBEA

"A Raíña Lupa e o Monte Sacro".

Historiador e arqueólogo. Doutor en Historia pola Universidade Complutense de Madrid. Catedrático en Prehistoria e membro da Real Academia da Historia. Especialidade en Protohistoria da Península Ibérica e Europa Occidental. Foi Director do Museo Arqueolóxico de Ibiza, Director da Escola Española de Historia e Arqueoloxía en Roma e Director do Museo Arqueolóxico Nacional.